

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 13 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico Borreiro, situado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, provincia de Pontevedra (IN408A 2019/63).

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a continuación:

Solicitante: Naturgy Renovables, S.L.U.

Denominación do proxecto: Parque eólico Borreiro.

Concellos afectados: A Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra).

Potencia para instalar: 20 MW.

Número de aerogeradores a instalar: 5.

Produción de enerxía media neta ou vertida á rede: 71.780 MWh/ano.



Orzamento total (execución material): 20.991.893,64 €.

Localización: (coordenadas UTM).

Coordenadas da poligonal de delimitación:

Vértice	UTM-X (ETRS89)	UTM-Y(ETRS89)
a	548.100,00	4.719.900,00
b	550.650,00	4.720.200,00
c	552.100,00	4.719.800,00
d	552.100,00	4.717.400,00
e	548.100,00	4.717.400,00

Coordenadas dos aeroxeradores, da torre meteorolóxica e do centro de seccionamento e control (CSC):

Aeroxerador	UTM-X (ETRS89)	UTM-Y (ETRS89)	Concello
BO01	550.533,00	4.719.731,00	Forcarei
BO02	551.122,00	4.719.236,00	Forcarei
BO03	550.888,00	4.718.599,00	Forcarei
BO04	548.456,00	4.719.416,00	A Estrada
BO05	548.618,00	4.718.965,00	A Estrada

Torre meteorolóxica			
Torre 1	X (ETRS89)	Y (ETRS89)	Concello
	550.671,00	4.719.360,00	Forcarei

Centro de seccionamento e control			
CSC	X (ETRS89)	Y (ETRS89)	Concello
	549.775,00	4.718.400,00	A Estrada

Características técnicas recollidas no proxecto:

– 5 aeroxeradores tripá modelo Siemens Gamesa SG155-6.0 de 155 m de diámetro, ou similar, 6 MW de potencia unitaria limitados a 4 MW e 122,5 m de altura de buxa. Cada un



deles estará equipado cun transformador elevador de 30/0,69 kV e potencia aparente de 4.500 kVA situado no seu interior.

– Unha torre meteorolóxica de 122,5 m de altura, con 3 anemómetros, dous cataventos, un anemómetro de fluxo vertical, dous sensores de temperatura e un pluviómetro.

– A rede de media tensión do parque recollerá a enerxía xerada polos aeroxeradores e transportarase ata o centro de seccionamento e control e desde este ata a subestación Quireza (non obxecto deste expediente); estará formada polos seguintes elementos:

- 5 centros de transformación de tensión aparente de 4.500 kVA, grupo de conexión Dyn11 e tensión 30/0,69 kV instalados no interior dos aeroxeradores.

- 2 liñas soterradas de 30 kV para conectar os aeroxeradores entre si e co CSC:

- Circuito nº 1 conecta BO-01,BO-02 e BO-03 co CSC, lonxitude 4.501 m.

- Circuito nº 2 conecta BO-04 e BO-05 co CSC, lonxitude 2.898 m.

- 1 liña de 30 KV para conectar o CSC coa subestación Quireza, e que conta pola súa vez con dous tramos aéreo e tres soterrados:

- Tramos aéreos (de lonxitude total 7.978 m).

- Desde apoio 1 ao apoio 2.

- Desde apoio 3 ao apoio 35.

- Tramos soterrados (de lonxitude total 1.021 m).

- Desde CSC ao apoio de paso aéreo-soterrado nº 1.

- Desde apoio aéreo-soterrado nº 2 ao nº 3.

- Desde apoio aéreo-soterrado nº 35 á entrada da subestación elevadora.



Os condutores de media tensión serán de tipo RHZ1-2OL 18/30 kV Al +H 16 e sección variable de 240, 400 e 630 mm².

A rede de cables do parque eólico estará composta polo tendido de media tensión, rede de terras (conductor de cobre espido de sección 50 mm² no fondo das gabias), comunicacións e fibra óptica que conecta os aeroxeradores co sistema automático de control do parque; realizarase mediante condución en gabias cunha lonxitude total proxectada de 6.927,00 m máis 172 m adicionais para o tendido de baixa tensión para a interconexión entre a torre meteorolóxica e o aeroxerador BO01.

– O centro de seccionamento e control do parque estará constituído por un edificio prefabricado onde se recollerá a enerxía procedente do dito parque, que se enviará á subestación colectora de Quireza (non obxecto deste expediente) para a súa evacuación á rede eléctrica nacional. Constará dos seguintes elementos:

- Unha cela de liña de interconexión coa subestación de Quireza de 30 kV.
- Dúas celas de liña de 30 kV para a conexión dos aeroxeradores.
- Unha cela de medida con transformadores de tensión.
- Unha cela de transformador de servizos auxiliares de 30 kV.
- Un transformador de servizos auxiliares 30/0,42-0,242 kV de 50 kVA.

O sistema de control utilizará unha rede de fibra óptica que enlaza os aeroxeradores co servidor Scada. O Sistema automático de control de parque comprende:

- Sistema de control de aeroxeradores.
- Supervisión da torre meteorolóxica do parque.
- Sistema de control do CS.
- Sistema de comunicacións.
- Sistema de regulación de potencia.



Órgano competente: o órgano competente para autorizar o proxecto da referida instalación eléctrica é a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Procedemento de avaliación ambiental: o proxecto da referida instalación eléctrica está suxeito a avaliación de impacto ambiental ordinaria, segundo o establecido no artigo 7.1.a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

De acordo co disposto no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e demais normas de aplicación relacionadas ao inicio desta resolución, constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos: proxecto de execución, estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico).

O que se fai público de conformidade co artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, para coñecemento xeral, e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas que se consideren prexudicadas nos seus dereitos poidan presentar as súas alegacións no prazo de trinta (30) días, a partir do día seguinte ao da última publicación desta resolución.

A consulta da documentación realizarase preferentemente a través do seguinte enlace da web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación: <https://ceei.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica>, na epígrafe de instalacións de xeración. A atención será telefónica no número 986 80 52 51.

Cando sexa indispensable a atención presencial, poderase acudir á Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (avda. M^a Victoria Moreno, 43, 5^o, 36071 Pontevedra), mediante cita previa no número de teléfono indicado, así como nas dependencias dos concellos da Estrada (praza do Concello, s/n, 36680 A Estrada), Forcarei (praza da Igrexa nº1, 36550 Forcarei) e Cerdedo-Cotobade (sede municipal de Carballedo: Chan, 11, 36856 Carballedo, ou sede municipal de Cerdedo: praza do Concello, nº 1, 36130 (Cerdedo).

Pontevedra, 13 de setembro de 2022

Tomás Nogueiras Nieto
Xefe territorial de Pontevedra

